OFERTA PRÁCTICAS – SERVIZOS CENTRAIS E REPRESENTACIÓNS MAUC

SEGUNDO CUADRIMESTRE FEBREIRO27-MAIO27

Prazo de solicitudes: ata AS 12:00 h. Do 16/11/2026, inclusive

1. Obxecto da convocatoria

O Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación (MAUC) ofrece prácticas formativas para estudantes universitarios durante o segundo cuadrimestre do curso académico 2026/2027, no marco do Convenio de Colaboración subscribido coa Universidade de Vigo.

Estas prácticas poderán realizarse nas seguintes modalidades:

- **Servizos centrais do MAUC** (España): listaxe de perfís solicitados,
- **Representacións no exterior** (embaixadas, consulados e misións permanentes):listaxe de perfís solicitados.

IMPORTANTE: **Cada estudante debe optar por unha soa das modalidades indicadas.** En caso de recibir solicitudes en ambas as modalidades, poderán ser rexeitadas ambas as por incumprir as indicacións facilitadas.

2. Características das prácticas

- Duración: 4 meses
- Datas oficiais: do 1 de outubro de 2026 ao 31 de xaneiro de 2027 (os períodos previstos para as prácticas non poden reducirse aínda que existe unha certa tolerancia baseada principalmente nos compromisos académicos das candidaturas).
- Prórroga opcional: posibilidade de ampliar ata 2 meses máis (máximo), previa solicitude e aprobación do Ministerio.
- Modalidade: presencial, en horario laboral das sedes do MAUC.
- Horario habitual: de 9 a 14 h.
- Remuneración: as prácticas son non remuneradas
- Compatibilidade con Erasmus Prácticas: Destinos dentro da UE (excluída España) / Espazo Erasmus, poderán compatibilizar ambos os programas se se cumpren as condicións de ambas as convocatorias.

• Seguridade Social: o Ministerio tramitará a alta na Seguridade Social do estudantado seleccionado. É imprescindible contar con DNI ou NIE en vigor e número de afiliación.

3. **Prazo de presentación de solicitudes**

   Desde a publicación desta convocatoria e **ata as 12:00 h. do 16 de novembro de 2026** (inclusive).

   As candidaturas serán enviadas pola Universidade de Vigo ao Ministerio, polo que o alumnado deberá presentar a súa solicitude con antelación suficiente á Área de Emprego e Emprendemento para a súa revisión e validación.

   IMPORTANTE: Non se admitirán candidaturas fóra de prazo.

4. **Documentación necesaria**

   Os documentos adxuntos a esta convocatoria son os oficiais do MAUC e deberán utilizarse sen modificacións.

   Para as **representacións no exterior**:

   - Solicitude prácticas EXTERIOR (MAUC)

   Para os **servizos centrais**:

   - Solicitude prácticas SSCC (MAUC)

5. **Requisitos e condicións principais**

   • Estudantes elixibles: alumnado da Universidade de Vigo que formalizará matrícula no curso 2026-2027 en titulacións oficiais de grao ou mestrado. No caso de prácticas curriculares, ter matrícula na materia vinculada segundo o plan de estudos de que se trate. En caso de prácticas extracurriculares, no momento de formalizar a concesión da práctica, os e as estudantes de grao deberán superar o 50% dos créditos da titulación, e os e as estudantes de mestrado deberán ter superados o 50% dos créditos de primeiro curso. Se o mestrado está organizado nun único curso de carácter anual, para este cómputo non se terán en conta nin os créditos do TFM nin os das prácticas curriculares, se as houbese.

   • Débese manter a condición de estudante con matrícula durante todo o período de realización das prácticas.

- Idiomas: o nivel debe reflectir a titulación oficial obtida segundo o Marco Común Europeo (A1–C2). Non se require presentar os certificados xunto á solicitude.

- **Número de solicitudes**: cada estudante poderá solicitar **ata 3 perfís (na mesma e única modalidade elixida) e indicar a súa orde de preferencia** no espazo reservado ao efecto na solicitude.

6. Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse **a través da sede electrónica da UVigo** – solicitude xenérica (https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/31091172) **dirixidas á Área de Emprego e Emprendemento da UVigo**:

- Indicando a **opción elixida**: "Prácticas MAUC- primeiro cuadrimestre 26/27- Servizos Centrais" ou "Prácticas MAUC- primeiro cuadrimestre 26/27– Representacións no exterior".

- Achegar unha solicitude segundo modelo por cada destino solicitado ata un máximo de 3 solicitudes. Débense encher na súa totalidade, sen omisións nin casas en branco.

MOI IMPORTANTE: **Todas as solicitudes deben enviarse en formato PDF/PDF, completamente cubertas e o arquivo debe ser nomeado seguindo esta norma: UVIGO-Orde de Preferencia (1,2 ou 3)-Apelido e Nome**. En caso de incumprimento destas normas, as solicitudes poderán ser rexeitadas.

Exemplo:

UVIGO-1-FERNANDEZMARTINLAURA

UVIGO-2- FERNANDEZMARTINLAURA

UVIGO-3- FERNANDEZMARTINLAURA

7. Procedemento de selección

- Presentación de candidaturas por parte do estudantado ante a Universidade de Vigo, segundo os perfís de interese e as indicacións antes descritas.

- **Preselección universitaria**:

  - A UVigo realizará a preselección dunha candidatura por posto tras verificar a adecuación do perfil académico.

- En caso de haber máis dunha candidatura por posto, aplicaranse os seguintes criterios:
    - Porcentaxe de créditos superados da titulación, sen ter en conta a materia de prácticas nin o TFG/TFM
    - Non realizar prácticas, nin curriculares nin extracurriculares, no transcurso dos estudos polos que se presentada a candidatura a esta convocatoria
    - Nota media do expediente

•A listaxe de estudantes preseleccionados/as será publicada na web da Área de Emprego e Emprendemento e abrirase un prazo de dous días para realizar calquera alegación.

• Envío ao MAUC: a universidade realizará a preselección de dúas candidaturas por posto que serán remitidas ao Ministerio.

• Selección final: o MAUC comunicará as prácticas adxudicadas conforme os seus criterios e dispoñibilidade.

IMPORTANTE: En caso de ser seleccionado/a para cubrir unha vacante desta convocatoria, deberase acreditar ter matrícula no curso 2026-2027 na titulación que cumpre o perfil do posto solicitado e cumprir os demais requisitos indicados.

8. Contacto e información adicional

Para calquera dúbida ou consulta sobre a convocatoria, o estudantado pode dirixirse á Área de Emprego e Emprendemento: insercionlaboral@uvigo.gal, 986 13 01 10.

Para información específica sobre o proceso do MAUC: practicas.maec@maec.es

9. Normativa aplicable

• Convenio entre o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas dos alumnos de grao e de posgrao.

• Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

• Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da Universidade de Vigo.

• Instrucións sobre o procedemento para a realización das prácticas académicas externas.